



### REFERENCIA HISTÓRICA

O 25 de novembro de 1960 eran asasinadas as irmás Minerva, Patria e M<sup>ª</sup> Teresa Mirabal na República Dominicana, durante a ditadura de Trujillo, polo seu activismo político, como militantes comunistas, mais tamén polo feito de seren mulleres, logo de que Minerva rexeitase manter unha relación sentimental co propio Trujillo. Non hai que esquecer que mentres o seu pai foi detido e encarcerado, elas foron espidas, torturadas (dándolles descargas eléctricas sobre os peitos) e logo asasinadas a paus e coiteladas, botando a un barranco os anacos dos seus corpos. No Primeiro Encontro Feminista Latinoamericano e do Caribe, celebrado en Bogotá en 1981, consagrouse o 25 de novembro de cada ano como o Día internacional da Eliminación da Violencia contra a muller, que foi ratificado pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas, o 17 de decembro de 1999. Desde aquela, estas tres mulleres convertéronse no máximo expoñente da resistencia popular e feminista, motivo polo cal conmemoramos en todo o mundo a loita contra a violencia contra as mulleres.

### DATOS VIOLENCIA

Unha de cada tres mulleres no mundo padeceu ao longo da súa vida un acto de violencia de xénero (maltrato, violación, abuso, acoso...).

A violencia machista é a principal causa de morte das mulleres de entre 15 e 44 anos, por diante do cancro, da malaria, os accidentes de tráfico e mesmo as guerras, segundo datos da Organización Mundial da Saúde, ofrecidos polo Fondo de Desenvolvemento de Nacións Unidas para a Muller (UNIFEM).

Case mil mulleres foron asasinadas no Estado español desde hai unha década. En Galiza, case un cento.

Os datos de que dispoñemos sobre a violencia contra as mulleres en Galiza (*Fonte: Informe de impacto de xénero dos Orzamentos da Xunta de Galiza 2016, elaborado pola Secretaría Xeral de Igualdade*) só teñen relación coa violencia entre a parella, dado que a lexislación vixente exclúe das estatísticas outros casos de violencia de xénero (feminicidio cometido fóra da relación de parella, violencia sexual, abusos, acoso, etc.), e pese a que até o propio Ministerio do Interior recoñece que a violencia sexual fóra da parella se incrementou. Aínda así, os datos son demoledores:

- Actualmente están en vixencia en Galiza 7.759 ordes de protección a vítimas de violencia machista.
- No ano 2014 solicitáronse 1.327 ordes de protección, acordándose o 65%.
- No ano 2014 producíronse 5.209 denuncias por violencia machista, o que supón unha taxa de 3,7 denuncias por mil mulleres, o dato máis alto no período 2010-2014.
- Segundo as cifras oficiais, no ano 2014 seis mulleres foron asasinadas a mans da súa parella ou exparella, tres máis que o ano 2013. Para nós estas cifras aumentan até 9 no ano 2014 e 8 no presente ano.
- A rede de centros de acollida en Galiza tivo unha ocupación media do 63,1% e o tempo de estadía das usuarias estimouse entre os 76 e os 180 días.
- O Centro de Recuperación Integral para mulleres que sofren violencia de xénero atendeu, desde xuño de 2014 até decembro, a 28 persoas, 14 mulleres e 14 crianzas.
- Dentro dos programas de atención psicolóxica, durante o ano 2014 recibiron atención un total de 355 persoas (vítimas da violencia e persoas do seu contorno familiar), atendidas por 124 profesionais da psicoloxía.
- Houbo 436 altas de usuarias do servizo ATENPRO para vítimas de violencia de xénero, dependente do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, a través da Delegación do Goberno para a Violencia de Xénero, que é unha modalidade baseada en tecnoloxías de comunicación telefónica móbil e de telelocalización telefónica que ofrece ás vítimas da violencia de xénero que contén cunha orde de protección ou medida de afastamento, unha atención inmediata e a distancia.
- O teléfono da muller, 900 400 273, atendeu no ano 2014 un total de 4.870 chamadas.

## INVESTIMENTO PÚBLICO

Malia esta situación, e mesmo tendo en conta que estamos ante os últimos orzamentos desta lexislatura do Sr. Núñez Feijoo, e polo tanto ante un ano electoral, o que sen dúbida debería modificar a política orzamentaria, o certo é que non hai grandes investimentos en políticas destinadas a acadar a igualdade de oportunidades e loitar contra a violencia machista.

En termos xerais, para o ano 2016, os recursos públicos que xestionará a Xunta de Galiza ascenden a 10.310,2 millóns de euros, incrementándose nun 5,3% con respecto ao orzamentado para o ano 2015. Un medre que non chega para compensar os descensoos que se veñen producindo nos últimos anos. De feito, se nos retrotraemos a 2009, último ano anterior á 'era Feijoo', o orzamento público acadaba os 11.792,8 millóns de euros. Isto implica que aqueles orzamentos eran un 14,3% maiores que os actuais. E estamos falando en termos nominais, é dicir, sen descontar a inflación; senón, o descenso real sería moito maior.

Polo que respecta ao emprego, desde que o Partido Popular goberna en Galiza (ano 2009) destruíronse 190.000 postos de traballo. A finais de 2014 había un 16% menos de ocupados/as que no ano 2009. A taxa de pobreza ou poboación en risco de exclusión social medrou alarmantemente até acadar no ano 2013 (último dato oficial dispoñíbel) o 23% da poboación, debido tanto á falta de emprego como ao recorte da protección por desemprego do ano 2012.

Durante 2014 descendeu a poboación con máis de 16 anos en Galiza en 13.700 persoas, das cales 6.800 foron mulleres. Unhas 6.800 en total, pero se desagregamos por grupos de idade, onde se perde poboación é entre as máis novas, desde os 16 aos 39 anos; entre estas idades o descenso foi de 13.600 mulleres. A masa salarial reduciuse pola perda de emprego (pero tamén pecharon empresas), polo que o que marca a diferenza é a redución dos salarios dos traballadores e traballadoras, tanto das que entran a traballar de novo con respecto aos que saen, como dos que permanecen, e neste caso as mulleres vense dobremente afectadas. Se xa partíamos dunha diferenza salarial importante, cando as empresas, ou administracións, aplican un recorte no salario, non fan distinción de sexo, senón que se aplica a todos por igual.

Mais a pesar desta radiografía, os orzamentos non teñen como prioridade o emprego, senón gañar as eleccións, baixando impostos de maneira indiscriminada (cando as necesidades de gasto son notorias), facendo chiscadelas a determinados colectivos como os funcionarios/as, cheques bebé... En resumo, intentar, cunha pequena capa de verniz agochar o desastroso legado do seu goberno e coller folgos que lles permitan seguir gobernando, sen lles importar a realidade económica e social imperante.

As reformas impositivas previstas nestes orzamentos son criticábeis, desde o noso punto de vista, desde varios ángulos: primeiro, porque non é o momento de reducir os ingresos públicos, cando as necesidades sociais son dunha magnitude descoñecida na nosa historia recente. En segundo lugar, son medidas que agravan a regresividade do sistema impositivo xa que é a impostos directos aos que se lles aplica a rebaixa (cada vez os impostos indirectos teñen maior peso na recadación total, e estes tratan igual as rendas altas que as baixas), e dentro dos directos, son as rendas altas as máis beneficiadas polo rebaixa fiscal. E por último, porque este tipo de medidas contribúen ao adelgazamento do sector público, principal obxectivo deste goberno, coas nefastas consecuencias que esta decisión ten sobre a calidade de vida das mulleres.

No que atinxe á axuda de 100 euros por nacemento de fillo ou filla (á marxe de como se regule esta dotación), parece un insulto á intelixencia, que sexa esta a medida estrela prevista para atallar un dos problemas máis graves que ten Galiza neste momento: perda e avellentamento da poboación.

Negan a emigración (cando a propia patronal das axencias de colocación, Aempleo, acaba de publicar que o ano pasado emigraron 80.141 galegos/as, dos que o 75% estaban en idade de traballar, sendo o segundo territorio - despois da Comunidade Castela e León- con máis emigración), agochan a falla de emprego e a relación desta coa caída da natalidade, e solucionan o problema con 100 euros ao mes durante X anos.

Ao grupo 3, protección e promoción social destínase nun principio un 11,5% máis que en 2015, o que equivale a 88 millóns máis. É o destinado a Acción e Promoción social o subgrupo que absorbe a maioría do incremento acadando este os 642,6 millóns de euros, 71,3 máis que no ano 2015.

O programa de atención ás persoas dependentes é o que absorbe a meirande parte do orzamento deste subgrupo, así como o maior incremento con respecto ao ano 2015, incremento derivado da aplicación da lei que o regula, e polo que en parte recibiu as transferencias correspondentes do Goberno central. Para 2016, a dotación para este programa vai acadar os 324,1 millóns de euros. Haberá que estar pendentes de se esta partida redonda nunha maior cobertura de prazas e de axudas ao coidado de familiares dependentes, prestando atención especial ao coidado no rural, dada a dispersión xeográfica.

Uns 52,7 millóns de euros son os destinados á Renda de Inclusión Social de Galiza (RISGA), un 10,6% máis que en 2015. Sen dúbida é fundamental a protección e promoción social das persoas máis necesitadas, e nese sentido valoramos estes fondos, pero non debemos esquecer que esta partida medra, non por un xiro social do Goberno galego, senón porque froito da súa xestión cada día hai máis persoas en risco de exclusión social e por tanto con dereito a percibir a RISGA. Mentres continúe habendo lista de espera para acceder á RISGA, os fondos non son suficientes.

**Consideramos preocupante a conxelación da dotación doutros programas deste grupo, como son os que teñen que ver coa conciliación da vida laboral, persoal e familiar e o de protección e apoio ás mulleres que sofren violencia de xénero.** Nuns anos coma estes, no que a violencia machista se incrementou, consideramos urxente unha maior dotación orzamentaria, tanto en materia preventiva (con programas específicos nos centros de ensino) como no que respecta á atención e protección das vítimas.

Con respecto ao programa de conciliación, non cremos serio que se diga que se vai incrementar o programa destinado ao fomento do emprego e logo comprobar que este programa se conxela, cando é sabido por todas e todos a necesidade de políticas de conciliación que permitan compatibilizar o emprego coas responsabilidades familiares, e ao tempo, se invista en políticas de creación de emprego e de loita contra o emprego precario, que axudarían en gran medida a paliar o grave problema demográfico en Galiza, e non con medidas propagandísticas como o cheque bebé.

En resumo, non cremos que sexan estes os orzamentos que necesita Galiza neste momento. Maximizar a actividade económica e favorecer a creación de emprego, fixar poboación, xunto coa protección dos grandes prexudicados pola crise, deberían ser as súas prioridades. Porén, o que se ve son uns orzamentos puramente electoralistas, onde o único que importa é gañar as eleccións, con medidas a curto prazo e que, co tempo, van servir para recortar máis o xa cativo sector público.

## **INVESTIMENTO NOS ORZAMENTOS PÚBLICOS E NAS POLÍTICAS DE IGUALDADE A NIVEL DE ESTADO**

O ano pasado a CEDAW dicía no seu *“Informe Sombra 2008-2013 sobre a aplicación no Estado español da Convención para a Eliminación de toda forma de discriminación contra as mulleres”* que a avaliación do impacto das leis e políticas públicas era insuficiente.

No informe aparecía recollido que, tras unha década de vixencia dos Xulgados de Violencia contra a muller, se vén incrementando o número de mulleres que renuncian a continuar co proceso xudicial tras a denuncia, medra o número de denuncias arquivadas pola xudicatura e denéganse máis ordes de protección. E a pesar destes datos, non houbo avaliación pública, transparente e coa participación das afectadas e das organizacións de mulleres.

O mesmo informe recollía incumprimentos da Lei Orgánica de Igualdade: non se revisaron os libros de texto nin os contidos curriculares desde unha perspectiva de xénero, e mantense a invisibilidade das mulleres en todos os eidos do coñecemento (as mulleres só aparecen nun 7,5%).

A nova lei de educación, a LOMCE, non inclúe na súa declaración de motivos ningunha mención á igualdade entre mulleres e homes e a prevención da violencia de xénero, eliminando a única materia que si a incluía (a “educación para a cidadanía”) e substituíndoa por unha denominada “valores sociais e cívicos” (en primaria) e “valores éticos” (en secundaria), como opcional á materia de relixión, e por tanto ausente para o alumnado que opte por esta. Ademais, a LOMCE xustifica e favorece a segregación por sexo (o goberno da Xunta mesmo financia con cartos públicos a centros concertados que segregan o alumnado) e exclúe a educación afectivo sexual do sistema educativo.

O informe CEDAW tamén poñía o acento na presenza reducida e estereotipada das mulleres nos medios de comunicación sen sanción polos organismos competentes. Identifica a existencia de graves déficits na prevención da violencia de xénero (porque van dirixidas a que a muller denuncie, obviando os obstáculos que enfrontan nos

procesos xudiciais), así como na formación dos actores do ámbito xudicial (non se esixe formación previa en V.X. á fiscalía, á xudicatura formada antes do ano 2010 non se esixiu formación nin méritos relacionados, e a que se presta á avogacía non afonda nas causas e consecuencias da violencia machista).

O devandito informe concluía denunciando os graves recortes das políticas de igualdade como discriminación na formulación e execución das políticas, que chegan até o 50% no Estado e nos organismos de igualdade. No Estado, baixando tres rangos de Ministerio de Igualdade entre o 2008-2011, pasou a Dirección Xeral no ano 2012. Algo parecido sucedeu en Galiza, pasando de ser unha Consellaría con rango de Vicepresidencia (de Igualdade e Benestar no ano 2008) e cun Organismo autónomo (o SGI, Servizo Galego de Igualdade) a eliminar o SGI aludindo motivos económicos, e a adscrición da Secretaría Xeral como unha área máis da Consellaría de Vicepresidencia, Administracións públicas e Xustiza.

A menos dun mes das eleccións xerais, o Comité para a Eliminación das Discriminacións contra a Muller (CEDAW) de Nacións Unidas vén de publicar as Observacións Finais (CEDAW/ESPA/CO/7-8) e Recomendacións ao Estado español en materia de igualdade de xénero. Se as lemos polo miúdo, vemos que, en sintonía co Informe Sombra que a Plataforma CEDAW Sombra presentou e defendeu ante o Comité entre 2014 e 2015, as conclusións ás que chega o Comité de expertas e expertos de Nacións Unidas son contundentes en relación aos **retrocesos que en materia de igualdade de xénero se están enfrontando as mulleres nos últimos 5 anos no Estado español.**

O CEDAW afirmaba nas súas conclusións que **a crise financeira e económica e as medidas de austeridade adoptadas polo Estado para facerlle fronte tiveron efectos negativos en todas as esferas da vida das mulleres.** Ademais, o Comité observa con preocupación que **non se realizaron estudos nin avaliacións para vixiar os efectos da crise en función do xénero.** O Comité lembra ao Estado que, incluso en tempos de crise económica e restricións fiscais, **deben realizarse esforzos especiais para respectar os dereitos das mulleres, manter e ampliar o investimento social e a protección social, e empregar un enfoque que incorpore as cuestións de xénero, dando prioridade ás mulleres que se atopan en situacións vulnerábeis e evitando medidas regresivas.**

Lonxe de cumprir a Convención, o Partido Popular no goberno do Estado español, e de moitas das súas comunidades autónomas, como é o caso de Galiza, está levando a cabo un **progresivo desmantelamento das políticas de igualdade, incidindo directamente nos dereitos humanos das mulleres e por tanto no noso sistema democrático.**

**A ONU suspende o goberno do PP en todas as áreas que de xeito directo e indirecto consolidan a discriminación das mulleres: violencia de xénero, igualdade, saúde, emprego, dereitos sexuais e reprodutivos, reparacións ás mulleres vítimas do franquismo, centros de internamento, mulleres empregadas no servizo doméstico, representatividade das mulleres na toma de decisións, protección social, políticas de austeridade, reforma laboral, migración, discapacidade, educación, estereotipos, medios de comunicación, participación da muller na vida pública e política e acceso á xustiza.**

Malia esta situación, nos últimos anos, os distintos gobernos en Galiza e no Estado continúan cos **recortes nos programas e políticas de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes;** as súas medidas anticrise acentúan a división sexual do traballo, dificultan a corresponsabilidade dos homes, acometen recortes en servizos públicos como a sanidade, os servizos sociais e o ensino, xustificados pola necesidade de acometer políticas de austeridade e axuste, sen ter en conta o impacto de xénero.

Así, entre os 142 países comparados nun **estudo sobre as políticas de igualdade,** os dez primeiros postos son ocupados por Islandia, seguido de Finlandia, Noruega, Suecia, Dinamarca, Nicaragua, Ruanda, Irlanda, Filipinas e Bélxica. Teremos que ir até o número 29 para atopar o Estado español.

Se analizamos o **INFORME OFICIAL DE IMPACTO DE XÉNERO dos Orzamentos do Estado para o ano 2016,** podemos observar que non se analiza a contía dos programas orzamentarios aos que se refire o informe, polo que non se pode concluír se soben ou baixan e se son suficientes os orzamentos para alcanzar os obxectivos do Plan Estratéxico de Igualdade 2014-2016.

Omite tamén a análise de xénero dos ingresos, e da Seguridade Social, cando as pensións contributivas e non contributivas volven subir no 2016 o 0,25% e as pensións de viuvez están no centro do debate, sendo mulleres o 93% das persoas que viven delas.

Un dos problemas que presentan os orzamentos do Estado é que o Partido Popular insiste en promover campañas de sensibilización orientadas a que a vítima denuncie, limitándose a un procedemento penal. Porén, non se combaten os estereotipos de xénero que desempoderan e disuaden ás mulleres de denunciar os feitos. Malia o recollido na lexislación actual contra a violencia machista, non hai vontade política nin recursos para aplicala, e por tanto seguen a obviar a inclusión da igualdade de mulleres e homes nos programas e materiais do sistema educativo, sen dar formación inicial e permanente ao profesorado, e sen nomear persoas responsábeis de igualdade nos Consellos Escolares, ou que a Inspección informe sobre o seu cumprimento. Así mesmo, a supresión da Educación para a cidadanía, xunto co a aprobación da LOMCE non fan mención ao fomento transversal da igualdade entre mulleres e homes, polo que non se está a actuar desde os poderes públicos na raíz do problema da violencia machista: a educación.

Cuestións que é preciso destacar, polo seu efecto na vida das mulleres:

- O recorte do 22% das prestacións por desemprego incrementará a pobreza e a feminización da pobreza.
- Os recortes en políticas de igualdade seguen a incrementarse, a pesar das recomendacións do CEDAW (baixa un 5,22% o programa de Igualdade de Oportunidades entre mulleres e homes do Instituto da Muller).
- O programa contra a violencia de xénero aínda que se incrementa un 6,3%, baixa un 10,92% respecto ao ano 2009. Este é un incremento insuficiente para poder financiar os servizos municipais de atención ás mulleres (vén a ser o salario dunhas 150 profesionais para máis de 7.000 concellos en todo o Estado). De feito, o importe dos orzamentos destinados ao Convenio Estado – CCAA para a Asistencia social, xurídica e psicolóxica a vítimas de violencia de xénero (regulado no artigo 19 da Lei o 1/2004) pasou no ano 2014 de 232.895 a 22.5905 € en Galiza).
- Por quinto ano consecutivo, segue a adiarse a ampliación do permiso de paternidade ás catro semanas, prevista na lei de igualdade. Se a este asunto lle sumamos a falta de dotación de recursos en educación infantil de 0 a 3 anos, poderemos ter unha radiografía da situación que explique porque o 94% das excedencias de coidado de menores son solicitadas por mulleres, dado que non hai unha aposta dos poderes públicos por impulsar a corresponsabilidade no coidado. Isto ten un impacto negativo sobre a situación sociolaboral das mulleres, dado que a única saída que estas atopan para o coidado das crianzas é acollerse a empregos a tempo parcial, reducións de xornada ou excedencias para poder compaxinar a vida familiar e laboral, que incrementa a fenda salarial actual e a fenda tamén nas pensións futuras.
- A atención á dependencia sobe un 6,4% para atender a un 55% máis de persoas, cunha media de 3€/día por persoa, un aumento que non alcanza a cubrir a atención das 746.142 persoas beneficiarias en xuño deste ano e a preto das 411.235 dependentas moderadas incorporadas ao SAD en xullo, logo de tres anos e medio de suspensión do seu dereito. Hai que lembrar que a axuda baixará a 90.21 €/mes, ou sexa 3€/día. Unha axuda inviábel. Concluimos logo afirmando que nin os Orzamentos nin o informe oficial de impacto de xénero asumen a recomendación do informe CEDAW de restaurar o financiamento da aplicación da lei de dependencia, co obxecto de evitar que o coidado recaia unha vez máis nas mulleres do ámbito familiar, pese a ser mulleres o 67% das persoas dependentes e o 83% as súas coidadoras habituais.
- Os orzamentos deberan garantir o dereito á Sanidade pública universal e de calidade, incluíndo o dereito ao aborto sen discriminación de idade:
  - a) Restaurar o acceso universal a servizos de saúde, incluída a derogación do Real Decreto-Lei 12/2012, para garantir a atención sanitaria a todas as mulleres, independentemente da súa situación migratoria;
  - b) Asegurar que non se adopta a proposición de Lei do PP restrinxindo o dereito ao aborto das mozas entre 16 e 18 anos
  - c) Asegurar a prestación dun tratamento adecuado a todas as mulleres con VIH/SIDA.

A cooperación ao desenvolvemento mantense estancada en niveis de principios dos anos 90, situando o Estado español no final dos países da UE-15.

Moitas destas cuestións fican recollidas no *Manifesto feminista sobre os orzamentos do Estado*, elaborado por 101 organizacións feministas e presentadas aos grupos parlamentarios, xunto coa recollida de sinaturas de apoio a través da *Plataforma impacto de xénero xa*. Porén, non houbo cambios ao proxecto.

## FENDA SALARIAL

Non hai ningún tipo de investimento público dirixido a reducir a **fenda salarial** existente entre homes e mulleres, que supón que en Europa as mulleres deben traballar de balde 59 días ao ano (segundo datos da Comisión Europea) – o cal supón case dous meses de diferenza- até situarse no mesmo nivel salarial ca os homes.

A fenda salarial entre mulleres e homes está no 16,8%. De todos os estados membros, os países onde esta é maior son Estonia (29,9%), Austria (23%), República Checa (22,1%), Alemaña (21,6%), Eslovaquia (19,8%), Reino Unido (19,7%) e o Estado español (19,30%).

En Galiza esta fenda salarial é incluso maior que a Europea, alcanzando o 22,3%, segundo datos da Axencia Tributaria do ano 2013, o cal significa que os ingresos das mulleres foron o 74,5% do dos homes. Unha fenda salarial que seguirá existindo mentres non sexamos quen de rachar cos estereotipos que aínda predominan na estrutura salarial. Porque as mulleres seguimos a ser valoradas de distinto xeito e a nosa carreira profesional é máis lenta. Así, nos sectores nos que as mulleres predominamos, os salarios son máis baixos que naqueles nos que son os homes os que teñen unha presenza maioritaria.

Esta discriminación xorde a raíz de distintos factores culturais e históricos que inflúen no xeito en que se fixan os salarios. As competencias e capacidades das mulleres están a miúdo infravaloradas. Hai unha predisposición, baseada no xénero, á hora de avaliar o traballo que realizan homes e mulleres: gaña menos unha caixeira dun supermercado que un home que traballa no almacén do mesmo supermercado ou unha limpadora que un traballador do lixo, por citar tan só dous exemplos.

Noutras ocasións, esta discriminación salarial agóchase a través de pagas extras e complementos salariais arbitrarios, vencellados ao tipo de xornada, sistema de clasificación ou ao rendemento. Este teito de cristal impide que moitas mulleres accedan aos postos mellor retribuídos.

Por outra banda, como as responsabilidades familiares non son compartidas de xeito equitativo, as mulleres interrompemos máis frecuentemente a nosa carreira profesional e temos un maior número de contratos a tempo parcial que os homes. Isto supón que as carreiras profesionais sexan peor remuneradas, o cal repercute nos dereitos de pensión futuras e poden provocar que máis mulleres que homes sufran pobreza tras a xubilación.

Malia estes datos, non hai ningunha medida referente ás causas estruturais da desigualdade salarial. E non hai unha aposta da administración pública que permitan eliminar os obstáculos no mercado de traballo: tanto no acceso ao emprego das mulleres, como no mantemento dese emprego e a promoción, dada a imposibilidade de compaxinar a vida laboral e familiar. Segue a ser unha tarefa pendente a creación de permisos iguais e intrasferíbeis pagados ao 100%, unha aposta real pola creación de escolas infantís públicas, ou pola universalización do dereito á educación infantil desde os 0 anos, pola implantación da xornada máxima de 35 horas semanais, ou pola reorganización dos coidados.

## **CAMPAÑA 25 DE NOVEMBRO.**

Estamos ás portas da conmemoración, un ano máis, do *Día internacional para a eliminación da violencia contra as mulleres*. Son moitos e moi diversos os motivos polos que millóns de mulleres ao redor do mundo nos autoconvocamos para amosar o máis profundo rexeitamento das violencias que continuamos vivindo nos nosos corpos: desde a violencia que se exerce sobre a nosa capacidade de decidir sobre o noso corpo, a nosa sexualidade, a nosa saúde sexual e reprodutiva, a nosa independencia económica, a nosa liberdade, contra a violencia física e psicolóxica, o acoso, e mesmo contra quen nos arrebatara as nosas vidas.

Durante o ano 2015 foron 8 as mulleres galegas asasinadas a mans das súas parellas e exparellas, vítimas do machismo. Nove vítimas das que a administración galega tan só contabiliza seis, dado que nin as meniñas de Moraña asasinadas polo seu pai, nin a parella da segunda vítima asasinada en Galiza computan, porque só o fan aquelas mulleres asasinadas no ámbito dunha relación sentimental.

Se contabilizáramos os asasinatos de mulleres desde o ano 2010, toparíamos con case medio centenar de galegas asasinadas. Se espallamos as cifras ao territorio máis próximo, teríamos que falar de case setecentas mulleres asasinadas no Estado español en apenas cinco anos. Un feminicidio que se invisibiliza, que se nega por parte dos poderes públicos.

Este feminicidio é o último chanzo dunha pirámide da violencia. Na base está a sociedade patriarcal, que fomenta formas sutís como o humor sexista, o control, a publicidade sexista, a anulación, a invisibilización do xénero feminino na linguaxe, os micromachismos. Estamos a falar dunha violencia simbólica, de abusos cotiáns, que son a base da violencia contra as mulleres. Podemos atopala nas nosas relacións familiares, nas relacións sociais, no ámbito da parella, pero tamén ocorre no traballo, na escola, nas organizacións, na comunidade.

Se debuxásemos unha pirámide, visualizaríamos os tipos de violencia que se exercen contra as mulleres.

Na cúspide estaría o feminicidio. O asasinato machista. Porque a violencia de xénero é a violencia que se exerce cara ás mulleres polo feito de selo.

No segundo chanzo, atoparíamos as agresións. No ámbito laboral atopámola cando un compañeiro de traballo ou mesmo o xefe fai achegamentos físicos excesivos, rozamentos, alusións incómodas e de contido sexual. Todas estas situacións son actos de violencia machista.

Se poñen en risco a túa saúde e a do teu feto por non adoptar medidas preventivas no traballo, tamén é violencia.

Se negan o recoñecemento e a valía do traballo das mulleres, iso é violencia.

Se che pagan menos polo mesmo traballo ca un home, é violencia.

Cando non promocionan a unha muller polas cargas familiares, iso é violencia.

Cando culpabilizan as traballadoras que solicitan unha redución de xornada por coidado, creando un clima de traballo hostil, facendo crer ao cadro de persoal que teñen que traballar nun horario incómodo por “culpa dela”.

Cando che preguntan nunha entrevista de traballo se tes familia ao teu cargo ou tes previsto tela.

Cando lle quitan valor ás túas ideas e opinións facéndote sentir que non son importantes.

Cando cambian unha reunión porque cadra cun evento deportivo mais non cando esta coincide con actividades extraescolares das crianzas.

A VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES evidencia relacións de poder, inxustiza e inequidade entre mulleres e homes. Se a nomeamos, se a identificamos, tomaremos consciencia da realidade e poderemos pular por relacións máis cooperativas, máis honestas e igualitarias.

Por iso consideramos imprescindible socializar o termo FEMINICIDIO. Identificar as causas da violencia machista desde o ámbito que nos é máis próximo, que é a empresa. Porque entendemos que é preciso visibilizar publicamente este feminicidio, identificando comportamentos, actitudes e ideas discriminatorias, que forman parte da cultura da violencia contra as mulleres. PORQUE PARA ERRADICAR A CULTURA DA VIOLENCIA MACHISTA É PRECISO DETECTAR O MACHISMO, CREAR CONCIENCIA E MUDAR CONDUCTAS.

Por iso comezamos desde o que nos é máis próximo, xa que ás veces adoitamos caer no erro de que a violencia contra as mulleres é un tipo máis de violencia, que se trata de casos illados, cando presenta unha serie de características diferenciais que a fan distinta ao resto das agresións: actívase por causas inxustificadas ou nimiedades, e ten por obxectivo deixar de manifesto quen ten a autoridade da relación. Tanto a violencia física como as agresións sexuais o que pretenden é dominar, e adoutrinar. Introducen medo e terror, aleccionando a todas as mulleres. É unha violencia estrutural que sostén unha determinada escala de valores, unha cultura da dominación desde o ámbito privado, que reforza a orde establecida dentro do sistema patriarcal.

Aínda hoxe en día, no fogar, na escola, no lugar de traballo, nos medios de comunicación, segue fomentándose a permanencia do sistema sexo/xénero, as asignacións de xénero en función do sexo da persoa, que contan, ademais, coa complicidade e reforzo das leis do mercado e consumo capitalistas, interesadas en manter os roles de xénero tradicionais, e perpetuar a figura e o rol da muller como obxecto sexual, ou ben co rol de eterna coidadora.

E malia os discursos pronatalistas, o certo é que as responsabilidades familiares seguen a verse como un obstáculo no eido laboral. E constitúen auténticas situacións de acoso no traballo. A nosa central sindical comproba esta actitude machista da patronal día tras día, froito do cal son moitos os despedimentos improcedentes, as demandas por desigualdade salarial, a discriminación na contratación e os acosos laborais, sexuais e por razón de sexo, que na súa meirande parte teñen como obxectivo as mulleres.

Porque aínda que non o recoñezamos, formamos parte dunha sociedade machista e violenta. Recibimos a diario mensaxes que pretenden amosarnos como ser home ou muller. Unha dicotomía que non permite máis opcións. Multitude de mensaxes enviadas polos medios de comunicación, a nosa familia, as amizades, no posto de traballo. É



difícil fuxir deles e non reproducilos. Porque o machismo e a violencia non son exclusivos dunha determinada clase social, senón que existen en calquera estrato e lugar.

Porque temos que ter presente que o machismo non é só a agresión física a unha muller. A violencia non só implica golpes, tamén inclúe as ameazas, a arrogancia, as descualificacións, a discriminación, o abuso verbal, o abuso emocional, o acoso...

Recoñecer estas actitudes non significa aceptar que vivimos nunha sociedade que perpetúa a desigualdade e a diferenza entre mulleres e homes, e que agocha a discriminación e a violencia contra as mulleres, porque esta é a manifestación máis rexeitábel da cultura da violencia machista. É preciso un maior investimento público nos programas de atención e protección das vítimas, penalizando os agresores evitando que poidan reincidir. Mais isto non abonda se non intervimos nas causas da violencia de xénero. Para irmos á raíz, temos que ir ás orixes, valores e condutas xerados pola cultura dos xéneros e propiciar cambios e alternativas.

## **MOBILIZACIÓNS**

Somos conscientes de que o cambio comeza por cada unha e cada un de nós, e de que é preciso actuarmos. Deconstruírmonos. Mais tamén visibilizarmos o problema. Sairemos novamente ás rúas amosando que é responsabilidade de toda a sociedade mudar e reverter o noso modelo de relacións. Así o faremos nas mobilizacións convocadas polo movemento feminista en moitas cidades e vilas do país o 25 de novembro, mais tamén na convocatoria de CONCENTRACIÓNS de delegadas e delegados da CIG que celebramos na mañá do día 25 de novembro, nas que portaremos as siluetas das 8 galegas asasinadas por mor da violencia machista e na que visibilizaremos os tipos de violencia machista que as mulleres vivimos a cotío. Porque NA TÚA EMPRESA TAMÉN HAI VIOLENCIA!

**A Coruña:** ás 12 horas na Praza Luís Seoane, ás 12 horas

**Ferrol:** ás 12 horas diante do Edificio Administrativo da Xunta de Galiza

**Compostela:** ás 12 horas diante da Confederación de Empresari@s, na rúa do Vilar, 54

**Pontevedra:** ás 12 horas na Praza 8 de Marzo

**Vilagarcía:** ás 11 horas diante da FECA (Federación de Empresarios/as da Comarca de Arousa, na Rúa Castelao)

**Ourense:** ás 12 horas diante do local sindical

**Lugo:** ás 12 horas diante da CEL (Confederación de Empresarios/as de Lugo)

**Vigo:** ás 12 horas nos Xulgados o día 24 de novembro

25 de novembro de 2015

Margarida Corral Sánchez

Secretaria Confederal das Mulleres da CIG